Unha historia peculiar

Lara Vieites Meijide

Érase unha vez nun tempo lonxano, nun país habitado por ananos. Entre eles había un gnomo chamado Ismail e unha gnoma chamada Ismaíla.

Como seguro que vos acordaredes, Rubén Sánchez e Sara xa nos contaran que se casaran.

Dende entón, Ismaíla fora todos os días ao centro comercial, e sempre viña cargada de roupa, zapatos e maquillaxe, pero que nunca usaba. Ismaíl ideou un plan.

Foi xunto ao alcalde e pediulle que o cerrasen, e así foi.

Ismaíla estaba triste, pero Ismaíl recordoulle o ben que o pasaban xuntos no parque, no cine, ou de pícnic. E Ismaíla nunca volveu a un centro

comercial, salvo que fose unha emerxencia, claro.

E colorín colorete, pola chimenea vai o foguete.